



Os orfos¹

Antón Riveiro Coello²

Nu Gon ten nove anos e estraña o seu pai, aínda que, ás veces, mesmo o odia por estar vivo. Os seus amigos orfos gozan dun trato preferente na escola e na vila. Tanto ten o bando da loita. A morte iguálos a todos, a mortos e, por extensión, a vivos. Ou es orfo, ou non. A Tsé Mon, poñendo por caso, un pai oficial valeulle o mesmo ca a Tum Li, que tiña como pai un soldado raso. Os dous locen a mesma categoría de orfos. Pero un pai fuxido na xungla, formando parte das milicias rebeldes, carece de valor para os efectos prácticos da vida.

“Non fixeches os deberes?”

“Non. Son orfo. Teño que axudar na casa.”

A Nu Gon esa resposta dóelle un mundo, non porque Tum Li ande de vigairo a todas horas e na escola non lle aperten o mesmo ca a el, senón porque o seu amigo, de ser mellor estudante, podería apañar as axudas económicas do Goberno. Esa é a sorte aberta da orfandade.

Ademais, Tum Li non é tan orfo como di, porque a súa nai se ve ás agachadas co coxo rosmón que traballa de carniceiro na praza.

Nu Gon é o máis listo dunha clase diversa e toda a morte del é ser médico, pero sabe que as penurias da casa nunca lle permitirán abandonar a vila, nin pagar os estudos na cidade. Cada vez que escoita unha bomba ao lonxe, ábrese a esperanza dunha emboscada, dunha morte.

“Queres vir á roubacha logo das clases?”, convidao Tum Li e el, que non quere ser menos,

dille que si porque a cada volta odia máis os americanos pola súa falta de dilixencia. Dende a súa chegada á vila, Nu Gon adoita achegarse aos soldados que non dan cabo do seu pai. Talvez xa o mataron nunha desas incursións con helicópteros que converten a xungla nun mar de lapas, pero se non chega a confirmación da súa morte, non vale de nada e non poderá ter a axuda do Goberno para ser médico.

A Nu Gon gústalle a barbaría dos americanos e ofrécese a facerlles recados. Algúns soldados son divertidos e adoitan darlles de agasallo unha lata de conserva ou un par de cigarros, que despois lle venden na praza ao vello Chan. Non hai moito, Dick, un soldado negro, faloulle da súa casa en Oklahoma e regaloulle a navalliña que ten a folla pequena, pero moi aguzada.

“E o teu pai?”

“Non sei onde está.”

Sempre que llo preguntan, di a verdade. Ben mirado, Nu Gon sabe que os americanos son intrusos e por iso non perde a ocasión para ir á roubacha con Tum Li e Tsé Mon. Coñecen de carreira o camiño das despensas e arrástranse entre as cabazas da horta da señora Hang mentres os soldados xantan ou xogan ás cartas. Tum Li, que é o máis lambido dos tres, métese por baixo da lona esburacada e vai apañando algunha lata de conserva, ou unha saqueta de fariña ou arroz. Algunha vez, cando os soldados están borrachos e teñen a música alta,

¹ Publicado en *Días de intemperie* (Galaxia, 2023).

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Antón_Riveiro_Coello; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/anton-riveiro-coello>.

arríscanse un pouco máis e chegan até onde están as *cocacolas* e o whisky.

Hoxe hai partido e todo o mundo está concentrado na chaira berrando e dando apupos. Así que os tres esvaran por baixo da lona e introducen a cabeza e as mans nunha das despenas máis ao sur e decátanse de que, desta volta, deron coas caixas do tabaco, unha fortuna.

“Non podemos levar máis de dous cartóns por cabeza”, murmura Nu Gon vendo os ollos remelados dos dous orfos. Tsé Mon, que é dous anos maior ca eles, asente coa cabeza e Tum Li devolve á caixa a media ducia de cartóns que xa tiña consigo.

“E mais si! Con dous cartóns son 400 cigarros por cabeza. Podemos facernos ricos”, asegura Tsé Mon, e Nu Gon, que tamén domina as contas, fai cálculos mentais sobre os *dongs* que o vello Chan lles pode dar pola mercadoría. A suma total abre expectativas de lucro que poden tocar o seu futuro. Se todas as semanas vén á roubacha, pode ir aforrando cartos dabondo para ser médico. Si. Ten que buscar un lugar seguro onde agachar os cartos que vaia gañando, lonxe da avoa Dao e de mamá Hue. Os tres amigos volven con cadanseu par de cartóns e, antes de despedirse no muíño do señor Phong, dan a hora para levarlle ao vello Chan catro cigarros por cabeza, para que o asunto non lle cheire a chamusco.

“Se ve que temos tantos, baixará o prezo”, di Tum Li.

Cando Nu Gon chega á casa, a avoa Dao calceita un xerseí e mamá Hue está na cociña preparando o xantar. Saúdaas e vai axiña ao cuarto para agachar por baixo do colchón os cartóns de tabaco que leva na carteira. Despois, volve para axudar a poñer a mesa.

“Que tal na escola?”

“Ben. O señor Vinh felicitoume pola redacción que fixen sobre as festas da nosa vila.”

“A quen saes tan listo, Nu Gon?”, pregúntalle a nai cun sorriso fachendoso mentres lle tira a malla ao arroz fumegante.

“A ti, mamá.”

“Vai por auga”, ordénalle a avoa, e Nu Gon apaña o caldeiro e sae fóra. Antes de atalo á roldana, fica algo apoiado no peitoril do pozo e di o seu nome en voz alta, porque lle gusta o eco escuro que lle devolve o fondo. Está contento polo tabaco e ten medo de non poder disimular na casa a súa ilusión pecuniaria. Debe ter coidado.

Volve ao comedor co caldeiro tremelican-do na man e púsao no chan, ao pé da mesa, para que a avoa Dao encha as cuncas. O peixe desecado que levaba días pendurado detrás da porta agora está no prato, acompañado de champiñóns e berenxenas. Mamá Hue parece decatar-se da súa reticencia e acariñalle a cabeza para darlle azos e probar unha comida que, ao final, lle avece porque mamá Hue ten boa man para a cociña. O que non mide é a cantidade, porque sempre sobra.

Nu Gon queda na cociña facendo as tarefas, alleo aos ronquidos da avoa Dao e aos estron-dos das bombas que veñen da xungla. Cando remata, vai buscar os amigos para ir á praza. O vello Chan fuma sentado nun tallo por tras do seu mostrador e ten os ollos alá no fondo das concas, como enterrados en dúas covas profundas. Se non fose pola postura do corpo, ninguén sabería se está esperto ou durmido. Tsé Mon pon a súa mercadoría enriba do mostrador e encárgase do trato.

“Son americanos, señor.”

O vello Chan colle un dos catro cigarros e arrastra o nariz polo papel, coma se estivese aspirando un desexo. Sabe que non hai comparación cos seus cigarros feitos con follas silvestres.

“Non sei que diaños lles facedes vós a eses soldados para que vos dean este material.”

Nu Gon e Tum Li entregan tamén os seus cigarros e aceptan os *dongs* que o vello Chan lles deixa con desgana sobre o mostrador.

Como Tum Li e Tsé Mon non teñen aco-modo e lles pesa a ansiedade no peto, axiña dan cabo dos cartos mercando na tenda do señor Tuan media ducia de lambetadas, que consomen sentados nun banco por fronte do lago dos Crocodilos. Nu Gon, pola contra, non gasta un can. O seu futuro é o que importa e tanto lle ten sufrir se ve os compañeiros orfos enzoufando a boca de vermello con esas delicias. El só atende a súa teima responsable e, cando volve á casa, mete os *dongs* nunha caixiña de madeira e agáchaa provisionalmente debaixo do colchón co resto do tabaco. A emoción dos cartos métese no soño e non tarda en verse nun hospital cunha bata branca e un fonendoscopio pendurado do peito.

Ao día seguinte, o mestre fai un aparte con Nu Gon na escola e ponlle unha man no ombreiro.

“Quero que lle digas á túa nai que veña falar comigo.”

“Fixen algo mal, señor Vinh?”

“Non, Nu Gon. Ti es o meu mellor alumno e xa pouco che podo aprender. Só quero falar con ela para saber se dá o permiso para que ti me axudes.”

“Como podo axudalo, señor Vinh?”

“Xa non dou abasto con tantos rapaces. E pensei que ti te podías encargar dos máis cativos na aula pequena. Daríache algúns *dongs* a final de mes.”

A Nu Gon a proposta parécelle fantástica, pero reacciona axiña para evitar a visita da nai.

“A miña nai non pode deixar soa a avoa Dao. Direillo eu. Dea por feito que ela dará permiso.”

“Podo achegarme á vosa casa”, ofrécese o señor Vinh, pero Nu Gon xa ten unha decisión tomada e quere que morra o conto.

“Non fai falla. Direillo eu, perda coidado. Se quere, comezo hoxe mesmo.”

O señor Vinh sorpréndese unha vez máis da decisión do seu alumno predilecto e, como ten fe nel, acompaña a aula pequena, onde mete unha ducia de cativos que oscilan entre os seis e os oito anos.

“Preséntovos a Nu Gon”, di o señor Vinh, e o alumnado dá en rir pola evidencia. Todos coñecen o sabichón da clase. “A partir de hoxe el tamén é o voso mestre. E aí daquel que se porte mal. Terá que se as ver comigo.” Miran os uns para os outros un pouco sorprendidos polas palabras do mestre e espertan as primeiras queixas, que rematan por converter a aula nun galiñeiro, até que o señor Vinh lostrega no chan cunha vara de vimbio e acada un silencio sepulcral.

“Non dubides en usala se é preciso.”

Nu Gon queda coa vara na man coma se lle queimase a pel e sabe que nunca será quen de usala. Despois, o señor Vinh pásalle unhas follas de suma e déixao só con ese fato de mocosos, que non sabe se poderá domear. Moitos deles son orfos e hai algún que aínda non sabe ler. Por iso, cando dá en escribir os números no encerado e escoita os murmurios da clase, cavila que, se cadra, non debeu aceptar con tanta lixeireza a súa nova encomenda. O que máis o anima do asunto é a posibilidade de gañar uns cantos *dongs*, que se sumarán ao contrabando de tabaco. Está decidido a non dicir nada na casa e así aforrar dabondo para poder ser médico. Mais non sabe cantos *dongs* lle vai dar o señor Vinh polo seu traballo gregario. Debería preguntarllo porque, ao mellor, non é para tanto. Na casa din que os mestres seica non gañan alá moito.

Con todo, malia que lle custa ferro e fariña que calen e o pequeno Thien mexa unha vez máis por si provocando as risas dos compañeiros, esta primeira mañá de maxisterio improvisado non resulta un desastre e Nu Gon agoira que a súa autoridade só precisa un pouco de tempo.

Cando sae da escola, un pouco máis tarde ca os demais, Tsé Mon e Tum Li están a agardar baixo a amendoeira do patio e, unha vez que o vén, fanlle unha reverencia.

“Señor Gon”, di Tum Li con retranca e Nu Gon empúrroa para que cale.

“Non sexas parvo. E prometédeme que ides gardar o segredo. Non quero que o saiban na miña casa.”

Os dous orfos fican pampos porque non entenden que unha nova así poida ser considerada un segredo. Nu Gon ve no abraio das súas olladas a súa pregunta unánime e contesta.

“O señor Vinh vaime pagar.”

“Canto?”, Tsé Mon non é quen de termar da súa curiosidade.

“Non o sei.”

“Se non cho dixo, non contes con moito. O señor Vinh nunca gasta un can.”

As palabras de Tum Li son sinceras e Nu Gon ten medo de que teña razón. O mestre é un home austero, que vive nunha cabana preto do regato dos Buxos, e sempre está ou na escola ou na súa horta cercada por canas de bambú.

“Imos á roubacha”, di Tsé Mon. “Queres vir?”

A Nu Gon parécelle precipitado volver, porque aínda teñen os cartóns na casa, pero como ve que os orfos están decididos a regresar ao campamento el non quere ser menos e non lle importa fornecer as súas reservas. Xa fará o posible por agachar ben os novos cartóns de tabaco. Así que os tres amigos pisan a lama cos pés descalzos e escoitan algúns disparos que veñen de lonxe. A vexetación engole o sendeiro e a auga fumea coma un vapor que se ergue sobre o verdor da selva.

“Ao mellor é o teu pai o que anda a disparar”, dille Tsé Mon a Nu Gon e este move os ombreiros nunha actitude un pouco desleixada. Tanto lle ten. O que importa é que os combates non volvan outra vez á vila, como cando Tsé Mon e Tum Li tiveron que ver os corpos dos seus pais deitados na praza entre todos aqueles cadáveres inchados e carbonizados.

Cando chegan á horta da señora Hang, asegúranse de que están sós e móvense amodo, agachados entre as cabazas, até chegar á zona sur da carpa. Desta volta, é Nu Gon quen mete a cabeza por debaixo da lona e ten a primicia do cambio.

“Non hai nada!”

Tsé Mon e Tum Li comproban por si mesmos a novidade e ven que toda a mercadería desapareceu. Os americanos deberon de botar en falla os cartóns e levaron todo de alí. A decepción toma conta dos tres e Tum Li axiña busca un culpable espetando os ollos en Nu Gon.

“Todo por facerlle caso ao señor Gon. Se onte levásemos cadansúa caixa, polo menos teriamos material dabondo para un ano.”

Tsé Mon acena unha e outra vez e arrastra os compañeiros consigo até a outra punta da horta, para ver se a despensa de comida, polo menos, segue no seu sitio. Cando chegan á parte norte, escoitan as voces de soldados borrachos ou drogados que están a xogar ás cartas. Tsé Mon guicha por un dos buracos da lona e albisca un tremendo baleiro onde só pode contar un par de mesas cheas de arroz sen debullar. Non queda nada do maná. Tsé Mon está tan desconcertado que mete a cabeza por baixo da lona para ratificar o que ve polos buracos e, de súpeto, un soldado negro repara nel e dispara o seu fusil coma se o fixese sobre un rato. Tum Li tira do seu amigo e, xa antes de ver o sangue, sabe que o corpo está morto. O disparo atinou, deulle de cheo na cabeza e ergueu o ton das voces dos outros soldados.

“Hai que liscar”, di Tum Li, e Nu Gon toma a dianteira e dá en correr coma se o levase o demo, tripando cabazas e todo o que pillar na súa fuxida. As balas zoan ao seu redor coma abellas xordas até que logra meterse nun campo cuberto de maleza. Despois, sen parar un só intre, a piques de botar os bofes, dá a volta a parte da vila para entrar pola praza e chegar á casa. Leva os pés cheos de feridas polos gromos de bambú e lávaos ben coa auga do pozo antes de entrar. Está a tremer coma un xunco e non deixa de preguntarse se Tum Li sería quen de escapar a tempo. Por sorte, como mamá Hue aínda non chegou do muíño e a avoa Dao está a facer chatolas a par da radio, métese no cuarto e chora a fío. Non é quen de tirar da cabeza o rostro desfeito do seu amigo, pero tamén o fracaso que lle agarda ao seu futuro. Xa nunca poderá ser médico. Os dous cartóns de tabaco

non dan para tanto e o señor Vinh seguro que lle pagará unha miseria como sospeita Tum Li.

Que mamá Hue entre na casa a berros é algo tan extraordinario que Nu Gon non é quen de frear o arrepío que lle sobe dende os pés até a caluga, pero cando escoita a dozura un pouco angustiosa coa que chama por el, xa acouga un nada. Nunca o seu propio nome lle pareceu tan fermoso a Nu Gon.

“Meu filliño”, mamá Hue cómeo aos bicos. “Pensei que ti tamén estarías morto coma os teus amigos! Malditos americanos! Non respectan nin os nenos.”

O plural chántase no peito de Nu Gon coma o fío dunha navalla e, aínda que lle gustaría empatar o seu pranto co de mamá Hue, intenta disimular.

“De que mortos falas, mamá?”

“Non estabas con Tum Li e Tsé Mon?”

“Non”, a mentira de Nu Gon obriga a mamá Hue a compadecerse del.

“Os soldados, meu meniño, mataron os teus amigos.”

Nu Gon aproveita para chorar os sete chorares e volve ao seu cuarto estremecido pola confirmación. Agora, o segredo prometido xa non lles caerá da boca aos orfos.

Deitado na cama cavila na desgraza de Tsé Mon e Tum Li e lembra que nalgún recanto das súas casas deben de estar agachados os cartóns de tabaco. Mágoa non saber o escondedoiro para podelos recuperar. Pero, aínda que puidese conseguilos, iso non lle abondaría a Nu Gon para ser médico. Xa nunca poderá saír da vila e terá que conformarse con substituír algún día o señor Vinh na escola, ou traballar as terras coma os demais campesiños. Non ten outra saída.

A frustración e a perda dos amigos téñeno tan deprimido que hoxe non se lle abren as ganas de comer e pasa a tarde enteira chorando no cuarto, sentíndose a persoa máis infeliz e desgraciada do mundo. Mamá Hue entende a súa dor e só lle sobe un anaco de pan e unha cunca de leite con mel.

Xa de madrugada, cando mamá Hue e a avoa Dao deben estar a durmir, Nu Gon decide que ten que agochar mellor os cartóns de tabaco, non sexa que os americanos fagan un rexistro polo miúdo na casa e os atopen. Así que sae do cuarto con pés de la e sobe en silencio pola escada de madeira que leva ao faiado. Cando está a piques de abrir o trabelo da portela, decátase de que pasador non está botado

e é doado escoitar un leve renxer de roupas e a respiración axitada de quen está a esforzarse. Paralizado, Nu Gon fica en silencio durante uns segundos e mira de traducir o significado secreto deses rúidos, que tamén teñen algo de queixa. Non sabe que facer, pero ve que polas firgoas da portela se filtra unha liña feble de luz que turra da súa curiosidade e fai que erga a portela amodiño. O primeiro que alcanza a ver é unha candeia no chan e uns pratos de comida, así como as sombras de dúas siluetas que se bambean na noite coma unha aparición. Nu Gon espera a que os seus ollos se afagan ben á luz e axiña distingue os seus pais enfrontando os corpos nus nunha batalla incomprensible. Malia a situación, Nu Gon ten o tento dabondo para baixar a portela sen que se decaten da súa

intrusión e volve axiña ao cuarto cos dous cartóns de tabaco e o peso da súa sorpresa. Dende cando o seu pai vive no faiado? Por que non lle din nada e baixa de noite para vixiar os seus soños? Agora entende por que mamá Hue sempre fai comida de máis e nunca colle balor.

Nu Gon vai comendo lume aos poucos e séntese fóra da súa propia familia. Por que o seu pai non mira por el? Non ten xeito que viva aí agachado coma un covarde e lle negue o futuro de médico ao seu fillo.

O odio medra coma unha planta rubideira durante toda a noite e, moito antes de que abra o día por tras das fiestras, Nu Gon xa está vestido ao pé da cama coa neura fixa de visitar a Dick, o soldado negro de Oklahoma que, con certeza, lle arranxará a orfandade.